

Un ecosistema forestal despois dun incendio queda nunha situación moi vulnerable fronte a calquera outra agresión humana ou ambiental. Hai unha serie de recomendacións que convén ter en conta para non acumular impactos sobre os ecosistemas. Ante todo hai que evitar danar máis o solo, a vexetación e a fauna supervivente.

O dano causado polo incendio depende especialmente da intensidade dese lume, pero as consecuencias van a ser complexas. En relación co solo hai dous factores importantes:

- a. **A pendente do terreo**, que se é moi acusada fai ó solo moi erosionable.
- b. **A vexetación** (viva ou morta), que protexe ó solo, tanto na parte aérea, protexéndoo do impacto da chuvia, como na parte subterránea, fixando ese solo e evitando a erosión.

¿Que podemos facer?

➤ **Evitar a erosión do solo.**

Talar o menos posible, só as árbores de tamaño comercial, para evitar danos ó solo.

Non talar os esqueletos do matorral.

- **Reter o solo ó máximo.** Para elo, se pode:
 - Repartir palla ou virutas (mulching), en zonas sensibles, en zonas con forte pendente, en zonas próximas a cursos de auga,...
 - Deixar os restos forestais sobre o solo en sentido perpendicular á pendente, para frear a escorrentía.
 - Poñer filtros vexetais (restos de podas, broza,...) preto dos cauces dos ríos, para frear os arrastres do solo e evitar a contaminación das augas.

➤ **Favorecer a alimentación e o refuxio da fauna**, que actúan como dispersantes de sementes e favorecen a recuperación da vexetación.

¿Que non debemos facer?

- **Pisotear as zonas queimadas**, xa que se aceleraría a erosión.
- **Cortar árbores e romper polas**, porque supoñen unha protección contra a erosión.
- **Realizar sacas de madeira** de modo agresivo para o solo.

- **Laborear e roturar o solo.**
- **Utilizar maquinaria pesada** ou agresiva co solo.
- **Asustar ou danar á fauna.**
- **Pastorear demasiado pronto**, para evitar os efectos do gando sobre o solo e sobre a vexetación.

Pregunte vostede ó seu axente forestal cal é a normativa vixente en materia de usos dun espacio forestal incendiado.

Autores:

X. M. Pesqueira e M. Casal.
Departamento de Bioloxía Funcional.
Facultade de Bioloxía. Universidade de Santiago de Compostela.



RECOMENDACIÓNS ECOLÓXICAS DE URXENCIA PARA A XESTIÓN DOS MONTES INCENDIADOS

Colaboran:



www.biologosdegalicia.org
info@biologosdegalicia.org



**Amigos
da Terra**

www.amigosdaterra.net
info.pontevedra@amigosdaterra.net